


REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 26/11/2020 13:27:38

SAIDA 14858/20



Reclamante:
Expediente. Nº **RSCTG 102/2020**

Correo electrónico:

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista á reclamación presentada por mediante escrito do 24 de agosto de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 24 de novembro de 2020, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 14 de setembro de 2020, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso á información ante a Consellería do Medio Rural sobre unha subvención de AGADER concedida ó Concello de Lousame para a construción dun sendeiro ás beiras do Río Lobo (tamén coñecido como Río Tállara).

O reclamante indicaba que non recibiu resposta á súa petición.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e do seu DNI.

Segundo. Con data do 28 de setembro de 2020 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante Consellería de Medio Rural para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

Terceiro. Con data do 9 de outubro de 2020, a Consellería de Medio Rural remite informe e copia (a través de link, dado o volume da información) no que consta Resolución do 6 de outubro de 2020 da Dirección Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) pola que se resolve conceder o acceso á información solicitada.

Cuarto Con data do 9 de outubro de 2020 o interesado remite escrito no que comunica que con data do 9 de outubro de 2020, recibiu contestación da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) á súa petición de información, na que se inclúe unha copia en papel da documentación solicitada, polo que considera que a súa demanda de acceso á información quedou satisfeita, e pódese dar por cerrada a reclamación feita á Comisión da Transparencia.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no

ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e

reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

A Consellería de Medio Rural non resolveu a solicitude de acceso á información dentro do prazo que establece o artigo 27.4 da Lei 1/2016, polo que tendo presentado o interesado a súa reclamación con anterioridade á resolución, debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

As resolucións de concesión de acceso á información pública, unicamente son conformes coa normativa en materia de transparencia, se efectivamente se proporciona toda a información solicitada polo interesado, ou se denega ou inadmite de forma motivada a solicitude. Se a información á que se dá acceso é tan só parcial, omitindo unha parte da mesma, a pesar de que o interesado era claro na súa solicitude, debe motivarse e xustificarse de forma clara que parte da información se omite, e cales son as razóns que xustifican esa omisión. No presente caso, ao interesado se remitíuselle a resolución do expediente, xunto con copia da información solicitada, e este manifestou que a súa demanda de acceso á información quedou satisfeita.

De acordo co anterior, procede a estimación por motivos formais da reclamación presentada, ao ter satisfeito o interesado o seu dereito de acceso, aínda que despois de ter presentada a reclamación ante esta Comisión.

A Consellería de Medio Rural non resolveu en prazo a solicitude de acceso á información do interesado, polo que debe lembrárselle que, de acordo co disposto no artigo 20.6 da Lei 19/2013, o incumprimento reiterado da obrigaición de resolver en prazo ten a consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Estimar por motivos formais, a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 14 de setembro de 2020, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso á información ante a Consellería do Medio Rural sobre unha subvención de AGADER concedida ó Concello de Lousame para a construción dun sendeiro ás beiras do Río Lobo.



Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/12018, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F

MARIA DOLORES FERNANDEZ (R:
S6500009C)

Fecha: 2020.11.26 08:40:03 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño

Presidenta da Comisión da Transparencia.